



O contido mostrado a continuación é unha versión do [BOP oficial, auténtico e asinado electrónicamente en PDF](#)

Administración Local

Municipal

A Coruña

Área de Medio Ambiente, Infraestructuras y Territorio. Servicio de Medio Ambiente

Traducción automática
Gallego - Castellano

Convenio sobre xestión conxunta do servizo de tratamento e eliminación de residuos na planta de Nostián

CONVENIO SOBRE XESTIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS NA PLANTA DE NOSTIÁN

Dunha parte, D. Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello, con CIF P1503000J, en virtude do artigo 124.4, letra a, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dunha parte, D. José Antonio Santiso Miramontes, presidente do Consorcio das Mariñas, que actúa en nome e representación da citada entidade, con CIF P1500011J.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica e o poder suficiente para obrigarse e deciden formalizar un convenio de colaboración para a contratación conxunta da concesión de tratamento e eliminación de residuos do municipio da Coruña e dos municipios integrantes do Consorcio das Mariñas. Para estes efectos,

EXPOÑEN:

1. As partes do presente convenio desexan colaborar para a xestión conxunta da planta de tratamento de residuos de Nostián no municipio da Coruña, coa finalidade de conseguir obxectivos comúns na xestión, tratamento e valorización dos residuos e, particularmente, de incrementar a cantidade de envases recuperados e aumentar as porcentaxes de recuperación e reciclado de residuos.

2. De acordo coa xurisprudencia do TXUE, os convenios asinados entre dúas entidades públicas, que sexan “a culminación dunha acción de cooperación intermunicipal”, destinado á realización conxunta dunha función común e prioritaria de servizo público, como o tratamento de residuos, quedan excluídos do ámbito de aplicación do dereito da contratación pública, cando se dean as seguintes circunstancias:

- Que o convenio sexa asinado exclusivamente por poderes adxudicadores, sen a participación dunha empresa privada.
- Que non se favoreza a ningún operador económico privado respecto dos seus competidores.
- Que a cooperación que establezan só se rexa por consideracións e esixencias características da persecución de obxectivos de interese público.

O artigo 12.4 da Directiva 24/2014 do 26 de febreiro, sobre contratación pública, ademais de acoller os criterios doutriniais fixados polo Tribunal dispón que “os poderes adxudicadores participantes realicen no mercado aberto menos do 20 % das actividades obxecto da cooperación”. Ademais, o artigo 38 da Directiva 2014/24/UE establece que “dous ou máis poderes adxudicadores poderán acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas”.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, dispón que as entidades pertencentes ao sector público, que teñan a condición de poder adxudicador, poderán cooperar entre si mediante sistemas de cooperación horizontal, previa sinatura dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establece o apartado 1 do artigo 6 (art. 31.1, letra b):

“a) As entidades intervinientes non han de ter vocación de mercado, o cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. (...)”

b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.

c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público”.

Con relación ao concreto convenio de cooperación que se suscita neste caso, cabe indicar, en primeiro lugar, que o convenio se asina exclusivamente entre dous poderes adxudicadores, o Concello da Coruña e o Consorcio das Mariñas. En segundo termo, non se dá trato de favor a ningún prestador privado, xa que a xestión do servizo de tratamento vai ser obxecto de licitación de acordo coas esixencias da LCSP. En terceiro termo, a cooperación só se rexe “por consideracións e esixencias características da persecución de obxectivos de interese público”. Así, a cooperación entre ambas as entidades locais ten como finalidade exclusiva garantir a realización dunha misión de servizo público común a estas, neste caso, o tratamento de residuos municipais. Non ten carácter oneroso, senón que está dirixida exclusivamente á persecución de obxectivos comúns de interese público, como a protección do medio ambiente e da saúde pública. En cuarto lugar, e como consecuencia do anterior, as entidades que son parte do convenio cumpren claramente a esixencia de realizar no mercado aberto menos do 20% das actividades obxecto da cooperación.

Ademais, a LCSP establece que as entidades pertencentes ao sector público poderán, en todo caso, acordar mediante convenio a realización conxunta de contratacións específicas (art. 31.2 LCSP).

Dado que a contratación conxunta permite aproveitar economías de escala, sendo iso compatible cos principios da contratación do sector público recollidos no artigo 1 da LCSP, e en particular cos “principios de eficiencia e de cooperación aplicables á xestión contractual das entidades locais, considerando a opción de compra conxunta non só legal, senón recomendable e conveniente axustándose aos parámetros da boa administración” (Informe 5/2014, do 3 de marzo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa).

3. Que o Concello da Coruña dispón dun servizo especializado de contratación con capacidade técnica suficiente para xestionar o procedemento de contratación conxunta obxecto do presente convenio e que todas as entidades que o subscriben se comprometen ao financiamento do contrato na parte correspondente aos gastos ocasionados, recibindo as correspondentes facturas como órgano de contratación.

4. Que as entidades que subscriben o presente convenio teñen o carácter de poder adxudicador.

5. Competencia e finalidade pública da Administración:

Queda fundamentada a competencia do Concello da Coruña para unha finalidade de interese xeral, que recae directamente na mellora dos recursos públicos, cunha utilización óptima da planta e economías de escala, que favorecerán a mellor prestación do servizo e o seu menor custo (artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). Así mesmo, o Concello posúe competencias en materia de tratamento de residuos e protección do medio ambiente (artigo 25.2.l) e f) LBRL).

Queda fundamentada a competencia do Consorcio As Mariñas, para unha competencia obrigatoria, o tratamento de residuos (artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). Así mesmo, esta actuación incide directamente na mellora dos recursos públicos, cunha utilización óptima da planta e economías de escala, que favorecerán a mellor prestación do servizo e o seu menor custo.

6. O presente convenio non supón gastos extraordinarios para o Concello da Coruña, e correspóndelle a cada usuario da planta os gastos derivados do uso e mantemento da planta de acordo cos prezos da licitación.

Por todo o exposto, as partes, de común acordo formalizan o seguinte convenio que se rexerá polas seguintes ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Natureza e réxime xurídico

O presente convenio ten como finalidade acordar mediante convenio a xestión común do servizo de tratamento de residuos, mediante a contratación conxunta da concesión do servizo de tratamento de residuos dos municipios integrantes do Consorcio das Mariñas e do municipio da Coruña e dun contrato de servizos para a xestión e control das básculas da instalación da planta de Nostión, de acordo coas previsións do artigo 31.2, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por concorrer as seguintes condicións. Así mesmo, o convenio establece as bases para o uso conxunto das instalacións da planta de Nostión do Concello da Coruña e o seguimento e control de execución da citada concesión de servizos de tratamento de residuos.

O convenio ten carácter carácter interadministrativo e subscríbese ao amparo do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por concorrer as seguintes condicións:

- a) As entidades intervinientes non teñen vocación de mercado.
- b) O convenio establece ou desenvolve unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- c) O desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nos termos previstos no referido artigo 6, o presente convenio queda excluído do ámbito da Lei 9/2017, rexéndose polo previsto no seu clausulado.

Segunda. Obxecto

As partes acordan mediante o presente convenio:

- 1. Que a posta á disposición das instalacións da planta de tratamento de residuos de Nostión por parte do Concello da Coruña ten carácter de gratuito, sen prexuízo das contraprestacións económicas que se deriven do contrato coa concesionaria para cada unha das partes do presente convenio.
- 2. A realización conxunta de contratacións ligadas ao tratamento de residuos na planta de Nostión, de acordo coas previsións do artigo 31.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e o Concello da Coruña será o encargado da xestión do procedemento de contratación en nome das partes deste convenio.

O obxecto da contratación será a adxudicación dunha concesión para o tratamento e eliminación dos residuos do municipio da Coruña e dos municipios integrantes do Consorcio das Mariñas, así como dun contrato de servizos para a xestión e control das básculas da instalación da planta de Nostión.

Terceira. Dereitos e obrigas das partes

1.–Dereitos das partes do convenio

- Beneficiarse das economías de escala que xere a contratación conxunta do presente contrato.
- Designar representantes para que poidan asistir como vogais ás sesións das mesas de contratación que o Concello da Coruña convoque para a adxudicación do contrato.
- Gratuidade da xestión do procedemento de contratación para o Consorcio das Mariñas.
- Designar representantes para que poidan asistir como vogais ás sesións da Comisión de Seguimento.

- Unha vez formalizado o presente convenio, o Concello da Coruña poderá adoptar os acordos necesarios para a xestión dos procedementos de contratación, conforme ás normas internas de distribución das competencias e delegacións determinadas polo Concello da Coruña para os seus propios contratos, baixo os principios de celeridade, eficacia, eficiencia e responsabilidade.

2. Obrigas e responsabilidades de cada unha das partes do convenio

1. Son obrigas das partes do convenio:

- O financiamento da concesión para o tratamento e eliminación dos residuos do municipio da Coruña e dos municipios integrantes do Consorcio das Mariñas, na parte correspondente aos gastos que xere o servizo en cada entidade.

O financiamento dun contrato de servizos para a xestión e control das básculas da instalación da planta de Nostián, na parte correspondente aos gastos que xere o servizo en cada entidade.

Para iso, a Intervención de cada un destes entes terá que expedir certificacións da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento vixente ou no seu caso, compromiso de consignar a mesma cantidade no orzamento do exercicio seguinte para cada un dos contratos indicados.

- Poñer á disposición o persoal técnico con competencia na materia para a realización da valoración das ofertas dos contratos obxecto do presente convenio.

- Aceptar as empresas adxudicatarias que resulte das licitacións que convoque o Concello da Coruña e que son obxecto do presente convenio.

- Asinar os correspondentes contratos cos operadores económicos adxudicatarios referido as concretas obrigas derivadas da adxudicación dos contratos obxecto do convenio; de modo que cada parte asinará o seu correspondente contrato no marco de cada unha das licitacións.

- En coherencia co anterior, e en tanto que entidade contratante, responder exclusivamente dos pagos ante os contratistas na parte correspondente aos gastos que xere cada entidade, que deberán de facerse efectivos no prazo máximo legal. Así, cada entidade deberá asumir directamente o pago das facturas correspondentes a prestación do servizo de tratamento e eliminación dos seus propios residuos.

- No proceso de elaboración dos pregos de prescricións técnicas e dos cadros de características específicas dos pregos administrativos, así como das eventuais modificacións ou reequilibrios económico financeiros, o Consorcio das Mariñas deberá aprobar a proposta que posteriormente xestione o Concello da Coruña como ente encargado da tramitación administrativa.

- En todo caso, os dereitos e obrigacións das partes do presente convenio con relación á execución dos futuros contratos ligados planta de tratamento da planta serán definidos no marco da preparación do contrato, e plasmaranse de modo efectivo nos pregos técnicos e de cláusulas administrativas.

O Concello da Coruña elaborará os pregos técnicos e de cláusulas administrativas, no marco do encargo recibido en virtude deste convenio para a xestión dos procedementos de contratación en nome das partes deste convenio. Non obstante, o proceso de elaboración dos pregos de prescricións técnicas e do cadro de características específicas dos pregos administrativos deberán contar coa participación do Consorcio das Mariñas, que deberán dar o seu visto e prace aos textos definitivos.

- As incidencias que poidan xurdir entre unha das entidades parte deste convenio e a futura concesionaria deben resolverse no marco da relación bilateral iniciada entre eles, e non afectarán a outra das partes. As entidades asinantes do presente convenio non resultarán afectadas polas decisións ou a conflitividade que puidese derivarse da relación que a contraparte mantéña coa empresa concesionaria, nin asumirá incremento dos custos ou de responsabilidade pola xestión de residuos ou polas decisións adoptadas polos seus asinantes.

A sinatura do presente convenio non implica para ningunha das partes a asunción de responsabilidades xurídicas e/ou económicas derivada dos conflitos xurisdiccionais existentes entre as partes e a actual concesionaria, a UTE ALBADA, nin dos que se poidan derivar ata o momento de finalizar a concesión. Isto implica que este convenio é independente das relacións xurídicas anteriores á súa sinatura, que se substanciarán de acordo á norma de aplicación en cada caso.

A realización de actuacións que afecten ao contido do contrato ou que leven implícitas consecuencias económicas para as dúas partes, sen o consentimento dunha delas, non terán efectos para esta última e poderán supoñer unha eventual compensación de danos ou perdas.

3. Obrigas do Concello da Coruña

- O Concello da Coruña comprométese a poñer á disposición as instalacións da planta de Nostián, para a xestión e valorización dos residuos dos municipios integrados no Consorcio das Mariñas, durante toda a vixencia da duración da concesión derivada deste convenio.

A posta á disposición das instalacións da planta de tratamento de residuos ten carácter de gratuíto, sen prexuízo das contraprestacións económicas que se deriven do contrato coa concesionaria para cada unha das partes do presente convenio.

- A xestión íntegra dos expedientes de contratación por parte do Concello da Coruña comprenderá:

A redacción dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas.

A petición de informes a outras administracións públicas no marco da preparación do contrato.

A aprobación de todos os acordos que a normativa contractual esixa ao órgano de contratación.

A realización de todos os actos administrativos de trámite esixidos legalmente, como publicación de anuncios de licitación, a xestión do perfil de contratante, a realización de sesións das mesas de contratación, a elaboración de informes técnicos de valoración das ofertas presentadas, a solicitude de xustificación das ofertas en caso de resultar declaradas anormais ou desproporcionadas, a formulación de proposta de adxudicación, a aprobación do requirimento ao contratista proposto como adxudicatario, a publicación da formalización do contrato e a remisión aos órganos externos competentes.

A proposta de resolución de todas as incidencias que puidesen xurdir durante a execución do contrato, elaborando os informes xurídicos e técnicos preceptivos, tales como a modificación de contratos, a resolución, a imposición de penalidades ou os informes xurídicos sobre recursos presentados.

A dirección técnica do contrato (responsable do contrato) durante o seu execución, que se encomendará a un/unha técnico/a municipal e que velará polo adecuado mantemento e funcionamento das instalacións municipais e pola adecuada prestación do servizo contratado nos termos establecidos neste convenio e nos pregos que se acorden.

4. Dereitos e obrigas do Consorcio das Mariñas:

O Consorcio das Mariñas terá os seguintes dereitos, facultades e obrigas:

- Dereito a usar as instalacións da planta de Nostián para o depósito dos residuos municipais, coa obrigación de destinalo á finalidade de interese xeral ou competencia aludidos.
- Usar as instalacións do Concello da Coruña, de modo compartido cos eventuais concellos ou administracións públicas aos que lles permita o uso da planta.
- Non realizar ningún tipo de obra ou actuación, salvo autorización expresa do Concello da Coruña.
- Utilizar o inmovible só para aquelas funcións ou actividades expresamente previstas no servizo contratado.
- Non reclamar indemnización ou compensación económica ningunha polos gastos e investimentos de toda orde que se realizaron no inmovible.

Cuarta. Impacto económico e relacións coa futura concesionaria

As administracións asinantes deste convenio actuarán con personalidade xurídica diferenciada nas relacións que xurdan coa empresa concesionaria ou con terceiros. Cada parte, en calidade de entidade contratante, recibirá da concesionaria as facturas que lle correspondan pola xestión dos seus residuos e pagaraas conforme aos seus propios créditos orzamentarios e os respectivos procedementos de xestión económica.

Quinta. Vixencia

A vixencia será coincidente co prazo de duración da concesión de servizo de tratamento de residuos dos municipios integrantes do Consorcio das Mariñas e do municipio da Coruña, incluídas as súas posibles prórrogas, e, en todo caso, ata a formalización do contrato seguinte, sen que sexa posible a revogación ou renuncia unilateral de ningunha das partes, salvo casos de forza maior. O prazo comezará desde a data da efectiva formalización da concesión.

En calquera momento antes de finalizar o prazo determinado no parágrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata 5 anos adicionais ou a súa extinción, e así en períodos sucesivos.

Sexta. Seguimento, vixilancia e control

O seguimento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos asumidos por cada unha das partes, será levado a cabo pola Intervención dos relativos entes, no relativo ao réxime económico ou de pagos, e polo/a técnico/a responsable do contrato do Concello da Coruña no relativo ás cuestións técnicas obxecto do contrato, sen prexuízo das funcións que teñan encomendadas outros órganos. Poderase contar co asesoramento dunha empresa especializada que colabore para realizar estas tarefas.

Sétima. Extinción

O presente convenio só poderá extinguirse antes de que finalice o seu período de vixencia, en casos de forza maior por acordo unánime de todas as partes.

Este convenio quedará sen efecto no caso de que as partes non cheguen a un acordo, con respecto á aprobación dos pregos, tanto técnicos como administrativos. A perda de vixencia apuntada neste parágrafo requirirá, en todo caso, a declaración expresa dunha das partes a través do órgano competente en cada caso.

Oitava. Comisión de seguimento ou de xestión da planta de Nostián

Para a interpretación das cláusulas deste convenio, eventuais modificacións, reequilibrios económico financeiros, modificación deste convenio ou novación deste e, en xeral, cuestións comúns a ambas partes -como poden ser cuestións comúns en materias de reciclaxe, reutilización, boas prácticas ou planes conxuntos, así como homoxeneización de procedementos ligados á taxa-, así como o seguimento en xeral da súa execución, constituirase unha comisión de seguimento paritaria, composta por tres representantes de cada unha das partes asinantes.

O presidente da comisión será o alcalde-presidente do Concello da Coruña, ou persoa en quen delegue, que ostentará voto de calidade. O vicepresidente será o presidente do Consorcio As Mariñas. Actuará como secretario un membro da comisión designado na sesión constitutiva da comisión ou funcionario de habilitación estatal de calquera das dúas entidades que se designe (neste caso sen voto).

A comisión terá por obxecto velar polo cumprimento do que establezan os pregos e o bo funcionamento da planta, así coma a proposta de melloras que se poidan practicar nesta. Calquera cuestión litixiosa que se poida derivar da interpretación e modificación dos pregos pasará pola Comisión de Seguimento.

A Comisión de Seguimento mostrará a súa conformidade, con carácter previo, ás decisións ligadas as propostas ou peticións de reequilibrio económico do contrato e a eventuais modificacións contractuais durante o período de vixencia do contrato, cando estas afecten ás dúas partes do presente convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano, no mes de novembro, que convocará o presidente, e darase conta, como mínimo, do estado da planta e a xestión do servizo.

O Concello da Coruña e o Consorcio As Mariñas terán a posibilidade de convocar sesións extraordinarias.

Os lugares de reunión poderán ser tanto as dependencias do Concello da Coruña como do Consorcio. Tendo en conta estas especialidades, o réxime de funcionamento será o establecido pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das do réxime local para os órganos colexiados.

A Comisión de Seguimento ou de xestión da planta de Nostián poderá reunirse para abordar temas de interese común en materia de xestión de residuos e da planta de tratamento de residuos tales como, por exemplo, a posta en marcha de campañas de comunicación e educación ambiental, o desenvolvemento de instrucións comúns para a xestión do servizo, a elaboración de propostas de harmonización normativa en materia de residuos ou calquera outra cuestión vinculada ao servizo de tratamento de residuos ou a aplicación ou modificación do presente convenio.

Novena. Réxime xurídico do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen suscitarse na aplicación deste estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décima. Competencia xurisdiccional

O Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña é competente para coñecer en única instancia dos recursos que se deduzan en relación co presente convenio, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima. Entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e o Concello da Coruña será a entidade encargada de efectuar a dita publicación.

E para deixar constancia, como proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente documento.

A Coruña, 21 de maio de 2019

Xulio Xosé Ferreiro Baamonde José Antonio Santiso Miramontes

Alcalde do Concello da Coruña Presidente do Consorcio As Mariñas

2019/9372